

Criterios de corrección cuarto exercicio

O Tribunal do proceso selectivo convocado por resolución reitoral do 1 de decembro de 2022 (DOG do 16 de decembro de 2022 e BOE de 6 de marzo de 2023) para cubrir unha praza de categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (APL), grupo III, pola quenda de acceso libre, da Universidade de Santiago de Compostela, en relación co cuarto exercicio do proceso selectivo,

ACORDOU:

PRIMEIRO: Esta proba é obrigatoria e non eliminatoria. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 30 preguntas tipo test, máis 3 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos non específicos do programa. O tempo para a súa realización será de 40 minutos e valorarase de 0 a 5 puntos.

SEGUNDO: As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folia de respostas que estea en poder do Tribunal, non computan. As respostas incorrectas non computarán negativamente.

TERCEIRO: As preguntas de reserva, numeradas da 31 a 33, entrarán por orde a substituír ás preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse reclamación sobre delas.

CUARTO: Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberá vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir).
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de lapis do número 2 e goma de borrar.
- Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.
- A entrada á proba será de acordo coa orde de chamamento, que se iniciará a partir das 11:00 horas.

QUINTO: O Tribunal acorda informar que se publicarán no Taboleiro Electrónico e na Páxina web do Subárea de Planificación e Programación de PAS da Universidade as instrucións detalladas para desenvolvemento da proba con antelación á data da súa celebración.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica



Proceso selectivo, convocado por resolución reitoral do 1 de decembro de 2022 (DOG do 16 de decembro de 2022 e BOE de 6 de marzo de 2023) para cubrir unha praza de categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade química (APL), grupo III, pola quenda de acceso libre.

O presidente do Tribunal

Manuel Vázquez Vázquez

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Taboleiro electrónico da sede electrónica USC .

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MANUEL VAZQUEZ VAZQUEZ, NIF ***5079**, 09/09/2024 19:55:26.

CSV: B52D-F855-4148-8322